



a CURUXA

revista do colexio d. bosco (salesianas-vigo)

xuño 2004 n.º 1

Colegio

D. Bosco

- salesianas -



feliz
verán





a CURUXA

revista do colexio el bosco (salesianas-vigo)

Rúa Estrada, 5 - 36209 VIGO - Teléf.: 986 231 149

Xuño 2004 n.º 1

EDITA:

Colexio Don Bosco

DIRECTORES:

Belén Tizón Méndez
Fernando Maíllo Calama

COLABORAN:

Consuelo Martínez
Alumnos de Educación Infantil
Mar Mera
Montserrat Badía
Amalia Grima
Héitor Mera
Belén Tizón
Xaquín Villar
Pilar Sánchez
Xavier Alfaya
Fernando Maíllo
Dolores Botana
Guillermo Romero
Xosé Ramón Alonso
Elena Mata
Corona Nieto
Silvia Caride

AGRADECEMENTOS:

Entidades Colaboradoras
Juliana Herrero
Aitor Rivas
ANPA

FOTOGRAFÍA:

Fernando Maíllo
Xavier Alfaya
Mar Mera

DESEÑO, MAQUETACIÓN

E IMPRESIÓN:

Imprenta RIBALDE



Sumario

saúdo da directora	3
nós, os pequenos	5
visítaron o cole.....	13
o día da paz.....	17
as nosas festas	18
plan de caldeale.....	19
educación física.....	20
día da ciencia.....	21
actividades extraescolares	22
anpa.....	23
cexma	24
víaxe ás cies.....	25
o teatro no cole	26
pastoral.....	28
as nosas fotos	31



COLABORA:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Osoño continúa...

Hai pouco máis de cen anos, Xoán Bosco tivo un soño. ¡Soñaba tanto! Polos seus soños ían pasando nenos e xente nova, nos soños construía colexios, casas, como a el lle gustaba dicir, fogares para os rapaces abandonados nas rúas de Turín.

Nos soños viu tamén unha Señora que lle foi mostrando o camiño: **“eu dareiche unha mestra”**, díxéralle o personaxe do soño dos nove anos.

Si, Xoán Bosco soñou moito. Co paso do tempo os seus soños convertéronse en realidade alegres e gozosas. O noso colexio, é froito daquel primeiro soño; podemos dicir que formamos parte dunha familia que continúa a soñar. Aquí, en Coia, o noso colexio: alumnos/as, pais, nais, profesores/as, persoal non docente, animadores de grupos de fe e tempo libre, as promocións de ex-alumnos/as que xa deixaron o colexio, o grupo de ADMA, e simpatizantes da obra salesiana, seguimos pensando que cada día podemos facer realidade aquilo que soñamos, porque como di o noso Reitor Maior da Congregación Salesiana, **“Deus ten un soño para cada un de nós”**.

Un soño feito realidade é a revista que tes hoxe nas túas mans: soñada, pensada, traballada, elaborada materialmente por moitas persoas do colexio que a foron transformando directamente en palabras, en imaxes, en mensaxe; froito tamén da colaboración de tantas empresas, firmas, entidades, etc... Dende **“A Curuxa”**, queremos transmitirllas a todos o noso agradecemento máis sincero.

“A Curuxa” é só unha mínima expresión da moita vida que bolee no colexio: rostros de nenos/as, expresión de xente nova, aspecto lúdico e recreativo, actividades extraescolares, traballo, festas e celebracións, todo un **proceso educativo** con estilo salesiano, próximo e familiar no que se vai creando un ambiente onde se potencian os valores para a formación integral da persoa.

Desexamos que a revista, **“A Curuxa”**, que hoxe ve a luz, continúe a ser un medio de comunicación entre nós. Vai dedicada a todas as persoas que a fixeron posible.

Dende aquí vaia un cordial saúdo para todos os/as lectores/as de **“A Curuxa”**.

Consuelo Martínez
A Directora do colexio

classtime®



School of English

• SINCE 1994 •

ESPECIALISTAS
EN IDIOMAS
INGLES y FRANCES

Pi y Margall, 70
36202 VIGO

Teléf. y Fax: 986 230 845

e-mail: classtime@ole.com

INGLES DESDE
LOS 3 AÑOS



CLASES
DIVERTIDAS

JULIO 2004
CAMPAMENTO
URBANO



Recuperaciones
Verano 2004

-  Gallego
-  L. Española
-  Inglés

(E.S.O. Y BACHILLERATO)



Winter-course
CURSO DE INVIERNO

Curso de inglés para niños y adultos,
que se desarrolla durante todo el
curso escolar, de Octubre a Junio.



Trinity

EXAMINADOR
OFICIAL



Help-time
CURSO DE REFUERZO

Especialmente indicado para aquellos
alumnos que necesitan refuerzo escolar,
deberes, preparación de exámenes, etc.

caixanova





Ola, agora que xa
veu se ao leño,
pode vir ao cole
dos maiores.

E é quai xa teño moitos
amigos, as profes tamén son
as miñas amigas; que divertidas
son! ¡saben máaaais! contos

con monicreques, cancións
xogos, magia...

Chámannos á alfomera e
imos todos e escollamos o
que nos din. Despois
podes pedir a que zona ir

Pode ir...

Á PLASTI  cos Moldes,
e ~~colores~~.

Á PINTURA  co pincel, coas
espanxas de pintura

Pode encher de pintura
todas as mans e ~~ata~~
pintar na parede.

Á S PEZAS,  facer torres, 
estradas ... 

A COSER, facer colares,
traballos coas agullas que
non pinchan



A DISFRAZARME EMA QUELLAR
ME.

E temos máis sitios para

xogar, pero sca mon me

lembro... ah!! si!! , xa sei:

a casina, os contos, os

puzles, o ordenador, a

música, os aros o cine co unito

de pombiñas de millo.

E despois de tanto traballar a

profe di. pis e mans limpas

e a merendar. Saímos ao patio

cadrado, con bicis, cubos, pas...
Xogamos ao tallarín, ao ración e o
gato...



MAMA
DE BLANCA
F. ME
AYUDAS A
CERE
ZAS

Moitos días polas tardes, aínda
que os pais son grandes, as
profes deixaos

vir á chaise
e tamén traballan; crees que

din que venen aos talleres.

¡ como nos gusta que vñan !

Hai moitos días que son de
festa e non se traballa nada,
nada, como en:

A FESTA DAS CASTAÑAS e
podémonos pintar de negro.





A DO NADAL, que vén Para Noel
con regalos para todos. Nós

bailámoslle e cantamos, e



aos Reis e aos pais tamén.



Facémolo moi ben porque
non param de aplaudirnos

e facemos fotos.

ADO EQUIBRISTA DO BOSCO,



que facemos carreiras e

gañan os que axudan

e non empurran non fai

falta se o primeiro.

O ENTROIDO, é o de disfrazarse,
podemos ser princesas, Hulk
animolinos... Pero os da profe

Amalia, que xa son
maiores fan o seu propio
disfraz, que é de NEMO.

A DA NOSA MAI MARÍA, a das
flores, que é cando vén o
circo ao cole condorna dores
de bóns, pallasos como os
do tren da risa e moitas
 cousas.



Tampoco traballamos cando
marchamos de excursión. A
algunha levamos a comida.
Xa fomos ao teatro de
Carrapuchiña azul, á prai-
a, ao zoo, ao acuario, en
tren a Pontevedra e á gran-
xa.

GUAI!!!, que contento estou
no Mell Cole, que ben se
pasa e como me queren
Ogallá non cheguen
nunca as vacacións



Autocares IGLESIAS

- Autocares y microbuses de lujo
- Con aire acondicionado y vídeo
- Transportes nacionales e internacionales
- Excursiones • Bodas • Despedidas
- Personal de empresa y colegios • Fábricas
- De 14 a 60 plazas



Rutas Turísticas

Autopullmans
de lujo con
TV, baño,
teléfono,
butacas
reclinables

Oficinas: Zaragoza, 24

986 482 563 - 986 470 536

Fax: 986 481 267

Móviles: **607 470 536 - 639 404 112**

Librería d. bosco Vigo



C/. Venezuela, 5 • **36203 VIGO**
Apartado 1.744

Teléf.: 986 436 009 / 986 228 779
Fax: 986 433 277

CARNICERIA EL ROCIO

Valentina Sesto Alvarez

Especialidad en
Ternera
Gallega



C/. Rocio, 44 - 36208 VIGO



DEPORTES



Jalda

Plaza de la Independencia, 1 (Camelias)
Teléfonos: 986 200 518 - 986 297 380 - 36211 VIGO

TROFEOS

ESPECIALISTAS EN

Artes Marciales
Atletismo
Bádminton
Baloncesto
Balonmano
Balonvolea
Ballet
Ciclismo
Front-Tenis
Fútbol
Fútbol-Sala
Gimnasia
Gimnasia Rítmica

Hockey
Mini Basket
Montañismo
Natación
Paddle-Tenis
Patinaje
Remo
Sky
Squash
Tenis
Tenis de Mesa
Vela

TROFEOS

López Mora, 16 - Teléfono: 986 239 323 - 36211 VIGO



Por Héitor Mera

UNHA VISITA MOI ESPECIAL

Vaia por diante que non son eu o defensor máis afervorado de todo o que rodea o deporte negocio do fútbol. Sen ánimo de molestar aos meus queridos alumnos/as futboleros/as permítanme que faga unha clara distinción do que é o deporte á altura de calquera outro, pero sen máis pretesía que renderlle do que é o negocio. E neste segundo submundo, aborrecíbel, inxustificábel e adoito manipulador do sentimento fervoroso do seareiro desprotexido perante os medios de comunicación, lacaios deses directivos “Don Ninguén” que fan o seu agosto particular a conta da boa vontade popular poñendo o nome dun club e dunha cidade como excusa para dar pulo aos seus respectivos negocios, como digo, aínda así, hai persoeiros directamente vencellados ao fútbol profesional que sorprenden pola súa sinxeleza, honradez e honestidade.

O colexio San Xoán Bosco tivo o pracer de acoller nas súas aulas a un destes personaxes en vías de extinción que fixo as delicias do alumnado, profesorado e persoal non docente, facendo que ese día quede na nosa retina como un día moi especial. Ese personaxe, case que de ciencia-ficción, é Everton Giovanella.

Facendo gala dunha paciencia infinita, non só atendeu a todas as peticións de autógrafos que se lle pediron (que non foron poucos), senón que, ademais, deunos unha maxistral conferencia que non se quedou no



habitual “bueno, si, no...” dos Demóstenes balompédicos que pululan polas cámaras de televisión cun sen fin de micrófonos diante dos seus fuciños, tornando estes adiantos tecnolóxicos absolutamente inútiles coas súas “doctas” intervencións. Moi polo contrario, Giovanella deleitounos cun variado repertorio de temas nos que abordou, sen medias tintas, aspectos interesantísimos a escoitar polos nosos rapaces en boca dun dos seus ídolos.

Giovanella fixo fincapé despois de expoñer unha breve semblanza dos seus inicios no fútbol, -tanto afeccionado coma profesional- na importancia de non abandonar os estudos por moito que se estea adestrando nun deporte e por moitas posibilidades que se teñan de chegar alto no mesmo. Incluso, a pesar das inxentes e inmoriais cantidades de diñeiro que gañan uns poucos profesionais, mesmo estes, co seu futuro máis que solucionado, deberían



O XORNALISMO NO COLE

Nas clases de lingua que os nosos rapaces reciben ao longo do curso escolar, son moitas as ocasións nas que se lles propón a posibilidade de traballar cos textos xurdidos dos diferentes xornais da ampla oferta que acollen os nosos quioscos todas as mañás, ben cedo.

Podemos tratar cuestións lingüísticas, literarias, podemos facer estudos puramente xornalísticos analizando os trazos máis sobranceiros do quefacer diario dos traballadores do medio, ou, simplemente, podemos comentar unha nova interesante que veña a complementar algún asunto que se trate nos Bos Días.

Todos os profesores en case que todas as materias servímonos directa ou indirectamente dun material que está presente nas nosas vidas cotiás e sen o cal, algúns non concibiríamos o repoñedor café matutino.



Con ter todas estas actividades unha compoñente pasiva os alumnos reciben información cumpridamente esmiuzada polo profesor que os axuda nunha interpretación axeitada dos textos- neste curso a implicación xornalística dos alumnos foi un chisco máis alá.

ter en verdadeira estima o feito de complementar a súa actividade física cunha formación intelectual e persoal potente. Só así teremos as armas para saber onde está o punto medio nas difíciles decisións que teñamos que adoptar ao longo das nosas vidas.


Tamén falou do Brazil, da situación insostíbel que está vivindo un dos países máis ricos do mundo a pesar dos esforzos do goberno Lula por sacar adiante a situación do mellor xeito posíbel. Conectou a súa procedencia brasileira co feito de termos unha lingua de orixe común, ou mellor dito, unha lingua que é nai da portuguesa e animou aos nenos a que valorasen o galego como elemento enriquecedor da súa/nosa cultura para que esta perviva mil primaveras máis.

A súa experiencia como Atleta de Cristo así como as respostas que tivo a amabilidade de responderlle aos nosos alumnos nunca unha clase a aproveitaron tanto coma esta-completaron o decorrer deste deportista polo noso colexio do cal fixo louvanzas ben reseñábeis con respecto ao coidado que os nenos tiñan o mesmo. Sorprendeuse gratamente e manifestou a seguranza de lembrarse do noso colexio por ser un "rara avis" dentro dos moitos centros que el ten visitado. Para nós el tamén é un marabilloso "rara avis" do que endexamais esqueceremos a súa humanidade. Moitas grazas Everton.



a CURUXA





Coa excusa do concurso “Xóvenes periodistas” levado adiante polo xornal *La Voz de Galicia*, os nosos intrépidos reporteiros da clase de 2º da ESO fixéronlle unha serie de entrevistas a persoeiros da vida intelectual, deportiva e tamén política da provincia de Pontevedra. Os escritores Carlos Solla e Bieito Iglesias, o tradutor Moisés Barcia, ou o ex-alcalde de Vigo, Ventura Pérez Mariño son algúns dos nomes que figuran nos excelentes traballos presentados. Aínda se está a esperar o fallo do xurado.

Tamén, e como colofón a estas actividades, visitounos todo un xornalista profesional como é Xoán Carlos Llera, que entre outras moitas cousas, disertou sobre os problemas que teñen os xornalistas á hora de desenvolver con liberdade o seu traballo.

Sería bo dicir que os nenos, na súa quenda de preguntas, puxeron contra as cordas ao noso convidado ao preguntarlle cousas tan delicadas como a censura dentro das redaccións e a tendenciosidade nas liñas editoriais dos diferentes xornais, verdadeiros mercaderes segundo os intereses do grupo mediático no que se insiran.

Ollo con estes rapaces, que xa comezan a ter sensibilidade crítica abonda para que non lles vendan auga por viño. E iso causa moita satisfacción. De monifates está o mundo cheo.

O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Para sermos francos, se nos poñemos a pensar... a alguén se lle ocorrería un país onde o día dedicado á súa literatura e á súa cultura sexa festivo? Coido que non. Non obstante, neste pequeno reducto arrecunchado ao noroeste da Península Ibérica aínda se resiste impasíbel ao agresor globalizador pois, aínda que tan só sexa nun día ao ano, en Galicia, a xente sae á rúa para celebrar o esperado Día das Letras Galegas.

Cada ano se homenaxea a un escritor que debe cumprir como requisito obvio e fundamental ter escrito en galego e, como requisito non tan obvio pero que impuxeron obrigada e innecesariamente, ter morto hai dez anos.

Neste ano de 2004 o noso prócer é Xaquín Lorenzo, “Xocas”, avezado estudoso da cultura popular galega.



O colexio Don Bosco, como non podía ser doutra maneira, sumouse aos actos de celebración dun xeito un tanto especial. E dicimos especial porque non é nin fácil nin habitual contar con dous persoeiros tan importantes na xeira da cultura galega actual. Estamos a falar de Geno Piñeiro,



etnógrafo e dinamizador cultural, e Xosé Vázquez Pintor, recoñecidísimo escritor e estudoso da realidade cultural galega a través de traballos como *Os Vellos Oficios* e *A Tribo*, sabe exemplos estupendos do que aquí imos denominar literatura etnográfica pola fermosa conxunción de dous eidos (a literatura e a etnografía) tan maxistralmente complementados polo escritor de Melide.

Península e que curiosamente saían de moi preto daquí: da vila morracense de Moaña.

Vázquez Pintor, pola súa parte, deleitounos cunha conferencia moi arroutada e sentida que se desmarcou do que tiña pensado facer dende un principio ao verse inspirado polos estupendos traballos dos nosos alumnos que adobiaban o salón de actos para a ocasión. Dende unha perspectiva clara de defensa da lingua galega,

Na charla que deron, e na que os nosos alumnos tiveron un comportamento exquisito tal e como esperabamos deles, o primeiro en falar foi Geno Piñeiro que, cun despregue de medios que non se esperaba explicou marabillosamente o traballo das carreiras, oficio que, de xeito artesanal, consistía na fabricación de cordas de gran prestixio entre os traballadores de toda a

Pintor explicou como a nosa cultura foi agochada sistematicamente polos gobernos que foron pasando polos pazos madrileños ata o punto de, en moitos casos, negar unha realidade moi viva como é a galega. Como contrapunto falou da resistencia cultural que, dende aquí, persoeiros como Xocas ou os membros da Xeración Nós fixeron tanto dende o exilio coma dende a propia Galicia con risco de represalias por parte das forzas gubernamentais.

Hoxe en día, a celebración do Día das Letras Galegas é un acto que nos amosa como algo se avanzou nese sentido, pero que tamén nos lembra que aínda hai moito que andar para que esta nosa lingua dure, como dicía Cunqueiro, "Mil primaveras máis". Que así sexa.





Por Belén Tizón



NON HAI CAMIÑOS PARA A PAZ, A PAZ É O CAMIÑO

Este é o lema elixido para este ano para o día da Paz: NON HAI CAMIÑOS PARA A PAZ, A PAZ É O CAMIÑO. A maioría de nós gastamos moitas neuronas e tempo buscando as formas coas que poderíamos chegar a acadala Paz, pero ¿cal sería a forma máis sinxela de chegar a ela? Se non conseguimos ter Paz, en todos os niveis da nosa vida, xamais alcanzaremos plenitude nin felicidade.

Cando pensamos na Paz, o primeiro que nos vén á cabeza é a ausencia de guerra, non á violencia; pero a Paz é moito máis que isto, a Paz implica moitas cousas. A Paz supón preparar o terreo para que non aparezan circunstancias que a poñan en perigo, supón coidar as nosas palabras porque elas estercean o terreo dunha posible pelexa. A Paz precisa da tolerancia, da xustiza, da igualdade, da solidariedade, e tamén da responsabilidade dos nosos gobernantes. A Paz aliméntase día a día coas boas intencións, un sorriso, unha aperta, a educación, o compromiso, o respecto, a verdade. A Verdade é o obxectivo, o Amor o medio para chegar a ela.

A Paz está entre nós en cada momento do día, no prato de comida que tomamos a diario, na dignidade que representa ser tratados coma persoas, nas aves e nas árbores que nos rodean, no respecto pola natureza, polo sagrado, pola nosa familia, os nosos amigos, e sobre todo, por nós mesmos. A regra de ouro da conduta humana é a mutua tolerancia, xa que nunca compartiremos todos as mesmas ideas. Todo isto e moitas outras cousas que descubrimos en cada intre representa a Paz cando logramos vivir en Paz.

Todos somos protagonistas desta vida e como tales correspóndenos un papel principal para cultivar, conseguir e conservar a Paz. Nós, por moi insignificantes que nos consideremos, podemos lograr cousas importantes, pois os verdadeiros logros acontecen a través de pequenas accións que están ó alcance de calquera. Temos que ver de que modo podemos contribuir á Paz, mellorando a nosa actitude no trato diario coas persoas, adoptando unha actitude positiva cara o noso entorno, rexeitando as referencias violentas que a televisión e algúns xogos intentan impor inconscientemente para facer de nós un ser violento ou frustrado. Para non nos deixar someter por parte destes medios, hai que por escudos para protexernos e incorporar novas condutas. Este conxunto de novas condutas permitirannos vivir nun mundo mellor cheo de Paz.

*“Sementa un pensamento e recollerás un anhelo;
sementa un anhelo e cultivarás un feito;
sementa un feito e acadarás un hábito;
sementa un hábito e formarás un carácter;
sementa un carácter e recollerás un destino”*





Por Xaquín Villar

Ao longo deste curso 2003/04 celebramos con verdadeira emoción e ledicia as festas típicas dos colexios salesianos: Día da Familia, María Auxiliadora e a do noso patrono: Don Bosco.

O día 25 de abril tivo lugar o día da Familia. Nesta fermosa data o alumno/a salesiano/a, axudado polos seus mestres/as, agasalla á súa familia cun pequeno regalo, froito do seu traballo e ilusión. Este ano os agasallos foron moi variados: dende un reloxo e un espello labrados de diversos motivos ata uns marcos onde as fotografías reflectían o traballo cotián nas aulas.



Abofé que os pais e nais dos nosos alumnos saíron contentos e satisfeitos. Eucaristía, baile galego, iudo e uns pinchos cociñados polas distintas familias puxeron un broche de ouro a tan festiva xornada.

A festa de San Xoán Bosco celebrámola un venres 30 de xaneiro. O día axudaba moito xa que amenceu cun día espectacular e os rapaces e rapazas notábanse con gañas de pasalo ben.

Ademais o programa non ofrecía dúbidas, era impresionante: bailes, música, xogos, campionato de futbito etc. A imaxinación orixinalidade e ledicia estiveron presentes ao longo da xornada. Houbo festa rachada para todos: dende os máis cativos de infantil ata os “maiores” da ESO.

Os trofeos aos gañadores, aínda que ese día ninguén perde, realizouna un gran xogador, e aínda mellor persoa, do Celta de Vigo: Giovanella.





Por Pilar Sánchez

Trazando novos obxectivos dentro da liña educativa, consideramos a conveniencia e a importancia de avanzar dentro das novas tendencias, adaptándonos ós cambios sociais e abrindo novas expectativas no día a día.

Calidade é benestar, é mellorar e avanzar, por isto no noso centro considerámolo xa imprescindible e así é como nos incorporamos plenamente este ano no programa de calidade de EDUGES. Neste programa de EDUGES, encontrámonos tamén con outros colexios da nosa comunidade autónoma, e así metidos neste “embrollo,” todos xuntos estamos compartindo traballo, experiencias e tamén dificultades.

Reunímonos unha vez ó mes en Santiago, alí prepáranos e explicánnos os temas pertinentes, distribuínnos os traballos que deberemos desenvolver até a próxima reunión. Ademais das explicacións tamén corriximos os “deberes” da xornada anterior



e compartimos todos xuntos os acertos e erros. Despois trasladamos os nosos coñecementos ó grupo coordinador de calidade onde traballamos polo menos unha vez por semana, debatemos, compartimos os traballos e repartímonos os quefaceres que temos que levar para a xornada seguinte.

EDUGES

Durante este ano traballamos tratando de mellorar o noso sistema de xestión interna segundo as novas tendencias, tecnoloxías e o plan estipulado pola lei de calidade da Unión Europea, vixente para tódolos seus membros. O sistema de calidade europeo dentro da educación, trata de crear unhas bases xeralizadas e equivalentes para que todo o sistema educativo teña as mesmas normas dentro dos países da Unión, unha maior calidade nos centros que permita así unha mellora dentro das distintas necesidades que vaian saíndo no noso mundo cada vez máis “pequeno”.

Os centros que adquiren o compromiso de avanzar con este plan de calidade recoñeceránselle as súas capacidades e melloras, conseguindo así a acreditación correspondente.

PLAN DE CALIDADE





Por Xavier Alfaya

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE EDUCACIÓN FÍSICA

A importancia da educación integral dun alumno é fundamental, e dende esa perspectiva, a Educación Física é un complemento imprescindible á hora de acadar os obxectivos fixados.

Para completar e mellorar estas intencións hai no Departamento de Educación Física unha serie de actividades a maiores que axudarán a que a formación física e mental do alumnado sexa a axeitada. Algunhas destas actividades son:

- A práctica da escalada nun rocódromo.
- A natación.
- O sendeirismo no Parque Natural do Alfoa.
- Piragüismo no río Miño.

Ademais de pasar unhas xornadas ben agradables os nenos acadan unha autonomía e desenvolvemento motor con actividades que non se poderían levar a cabo no centro educativo.





Por Fernando Maíllo


DÍA DA CIENCIA NA RÚA

Este ano celebrouse por primeira vez na cidade de Vigo o “Día da Ciencia na Rúa”. Quere ser un achegamento dos coñecementos científicos os cidadáns de a pé, grazas a que rapaces e rapazas de centros como o noso, lles expliquen experimentos e experiencias de calquera das ramas da ciencia: bioloxía, xeometría, química, física...

Do noso centro participaron un total de 35 rapaces e rapazas de 6º de Primaria e 1º e 2º da E.S.O., e 6 profesores/as, facendo experiencias de gases, electricidade, lóxica, xeometría, óptica e a visión.

Ademais conseguíronse dous premios, entre eles o **segundo posto** no concurso de “**Fontes de Herón**”.

Foi un gran día de convivencia e divertimento ó redor da ciencia que seica deixou de ser temida e descoñecida por moitos dos que pasaron por o “Día da Ciencia na Rúa”.



actividades extraescolares





Por Dolores Botana

O colexio, por medio de empresas como **ACTIVA, A.D. FAMI, VISUAL SYSTEMS,** e **ANPA** oferta tódolos anos unha serie de actividades extra-escolares co fin de:

- Contribuír ó desenvolvemento integral da persoa.
- Potencia-las capacidades dos alumnos/as.
- Fomentar outras formas de empregar o tempo de lecer.
- Familiarizarse coas novas tecnoloxías.
- Mellora-la confianza nun mesmo.
- Aviva-la auto disciplina.
- Afianza-la autoestima.
- Traballar en equipo
- Pasalo ben...

ESTAS ACTIVIDADES SON:

- ▶ Baile galego.
- ▶ Inglés.
- ▶ Informática.
- ▶ Xadrez.
- ▶ Instrumentos de corda.
- ▶ Teatro.
- ▶ ludo.



a CURUXA



Por Guillermo Romero

ANPA SAN XOÁN BOSCO

A **Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as do colexio San Juan Bosco** (Salesianas), está formada por nais, pais e titores legais dos alumnos/as matriculados/as neste centro. Somos familias que vivimos nesta fermosa zona verde de Vigo chamada Coia e que un bo día decidimos chamar ás portas deste colexio para pedir que nos axudaran a educar e a formar os nosos fillos, tanto nos valores como academicamente.

A nosa función, a grandes liñas, como ANPAS é:

- Representar ós pais/nais do alumnado.
- Asistir ós pais/nais do alumnado en todo aquilo que concerne á educación dos seus fillos.
- Promove-la participación dos pais/nais do alumnado na xestión do centro.
- Establecer e manter un estreito contacto coa Dirección do Centro e estimular as relacións e compenetración dos pais/nais co centro.



- Organizar actividades de tipo social, cultural, recreativas e deportivas.
- Cooperar coa Comunidade Educativa e participar coas distintas actividades que organiza o centro.

Temos en marcha algunhas actividades para os nenos/as como son: xadrez, teatro e rondalla.

Participamos nas festas do colexio: magosto, Papá Noel, Don Bosco, Día da Familia, M^a Auxiliadora, Excursión da Comunidade Educativa de Fin de Curso.

Obsequiamos ós alumnos/as de 4º E.S.O. cunha orla da súa promoción.

Xestionamos a compra e venda de libros de texto para tódolos nenos/as do colexio.

Organizamos charlas con temas diversos tanto para as familias como para os rapaces: alimentación, drogas, etc.

Estamos a dar os primeiros pasos para organizar unha Escola de Pais.

Participamos e organizamos Xornadas Deportivas e Culturais (xadrez, teatro, música, etc).

Mantemos contacto con outros colexios e vimos participando dende hai varios anos nas Xornadas de ANPAS que organiza a inspección salesiana "Santiago o Maior". Este ano celébranse na nosa cidade e vamos organizalas conxuntamente os tres colexios salesianos da nosa cidade: M^a Auxiliadora, Colexio Fogar e San Xoán Bosco.

LEMBRA QUE A ÚNICA CONDICIÓN PARA SER SOCIO/A DA ANPA É SER NAI, PAI OU TITOR/A DOS NENOS OU NENAS QUE ESTEAN MATRICULADOS NESTE COLE.





Por Xosé Ramón Alonso

CENTRO XUVENIL MARÍA AUXILIADORA

Alá polo ano 1988 naceu o CEXMA, Centro Xuvenil María Auxiliadora, destinado a realizar actividades no barrio de Coia. Tiña a súa sé nos baixos do que era a Gardería da Caixa de Aforros, o que hoxe é o noso colexio, o San Xoán Bosco. Alí realizábanse unha chea de actividades de lecer: obradoiros, música, oratorio, cine, festas...

Pero volvendo a nosa realidade, o CEXMA quere tomar un novo impulso e abrirose agora ás novas xeracións de rapaces e rapazas que están nos últimos curso da E.S.O. no noso colexio, e por suposto, tamén aqueles que xa son Antigos Alumnos/as.


Na actualidade está a ser punto de encontro de antigos alumnos que están a crear a páxina web do colexio. Dado que están a proliferar as novas tecnoloxías o colexio non quere ser menos, e por iso está a crear o que pretende ser, un novo vehículo de comunicación entre o centro e todo o seu contorno, alumnos/as, pais e nais e, por que non, o mundo.

O contido da páxina, pretende ser amplo, aínda que irá crescendo pouco a pouco:

- Servirá para dar a coñecer moitas actividades que se están a realizar no centro, así como a nosa proposta de educación.



a CURUXA



- Quere ser un punto de lecer, no cal gozar aprendendo mediante os múltiples usos que hoxe en día nos dá o mundo da informática en xeral e de internet en particular.
- Poremos recursos nas mans dos nosos alumnos/as para que tamén poida chegar a ser unha páxina de consulta.
- Teremos, como non, unha chea de fotos e xuntos poderemos ir creando o álbum no colexio.

Os Grupos Novas Rutas quizais son a parte máis coñecida do CEXMA. Trátase de reunirse tódolos sábados para ter un pouco de tempo no que estar cos amigos facendo obradoiros, xogos, deporte... e tratar de crecer un pouco máis como persoa a través dos grupos guiados por un animador.

Ademais non estamos sós porque os Grupos Novas Rutas están presentes noutras cidades de Galicia, Castela e León e Madrid. Con eles facemos tamén outras actividades conxuntas como as acampadas, os acampamentos de verán, o camiño de Santiago, etc..





Por Fernando Maíllo

Como remate da festa da gratitude, que como tódolos anos vense a celebrar no noso centro para dar grazas a todos os que formamos a gran familia educativa do colexio, fíxose unha gran saída de todo o centro ó Parque Nacional das Illas Atlánticas, concretamente ás Illas Cíes.

Día de convivencia e lecer que compartimos alumnos/as e mestres/as como forma de agradecemento ó curso que xa toca o seu final. Un día para gozar na natureza e da natureza, e dando a coñecer este paradisíaco lugar, patria de gaivotas e corvos de mar.

Diversión, xogos e ledicia compartida entre todos e todas que engrandece o espírito de familia que é un sinal de identidade do noso centro.



O teatro no cole



Por Elena Mata López

O TEATRO ESCOLAR: UNHA EXPERIENCIA APAIXONANTE

Se entre tódolos xéneros literarios houbera que escoller un como o máis axeitado para transmitir valores pedagóxicos, sen dúbida sería o teatro aquel co que todo educador quedaría, debido á fonte inesgotable de recursos con que nos obsequia. Poucas verdades son tan escasamente cuestionadas como esta no ámbito da pedagogía moderna, e sobre ela, non só por tal importancia, senón tamén pola especial satisfacción que a súa posta en práctica nos vén reportando ós profesores do noso colexio, quería dende aquí falarvos.

Coñecín a Orde Salesiana sendo moi nena, pois medrei vinculada á parroquia de M^{ra} Auxiliadora. Alí recibín catequese nun ambiente que me amosou valores tan fermosos como a entrega ós demais, a sensibilidade ante a dor allea e a capacidade de perdón que Xesús viñera predicarnos ata as derradeiras consecuencias. “Foron tamén palabras que deixaron fonda pegada no labor de San Xoán Bosco e Santo Domingo Savio, para que todos nós coñezamos que a súa mensaxe está sempre viva” dicíanme e, en xestos que unha nena podía comprender, íao evidenciando cada día.

Foi entón cando tivo lugar o meu primeiro achegamento significativo ó teatro. Rondaba os doce anos cando unha amiga animoume a asistir, polas tardes dos sábados, a unha actividade que se celebraba nas dependencias do colexio M^{ra} Auxiliadora, de

mans dunha asociación teatral (antes Realidades, logo A.T.I.). A obra que preparaban era o célebre musical de *Sorrisos e Bágoas*, e ós seus ensaios asistín entusiasmada durante numerosas tardes que aínda gardo vívidas na memoria. Nada me gustaría máis que ter un papel nela, pero sabía que iso era de todo imposible, pois o reparto tivera lugar había un par de meses e, en consecuencia, todo estaba xa bastante avanzado.

No meu colexio tería despois ocasión de facer realidade ese soño cando me elixiron para representar a obra do final daquela etapa educativa que se coñecía como E.X.B. (¿Quen podía daquela imaxinar que anos máis tarde serían os meus alumnos, con idades moi similares, quen se farían eco de tan ilusionante experiencia?). Máis tarde viría o bacharelato, a universidade, o Curso de Aptitude Pedagóxica... e puíden coñecer a teoría que explicaba a transformación que se produciu en min cando fun quen de deixar atrás a timidez da adolescencia e subir a un escenario cunha seguridade que probablemente sorprendía ós meus educadores tanto coma a min.

A miña vocación docente polo terreo da Filoloxía, así como a elección da produción dun autor teatral como tesina do Doutoramento, imaxino que algo tiveron que ver con esta afección que en min medraba co paso dos anos, pero sen dúbida foi a oportunidade de entrar a traballar coas Irmás Salesianas o que me reportou a maior das satisfaccións nese terreo; xa que foi entón, dende o meu primeiro ano no colexio, cando empecei a evidenciar na práctica os resultados tan positivos que esta experiencia supón no labor educativo.

Compañeiros/as máis veteranos/as ca min animáronme a seguir por este camiño que eles/as iniciaran xa nos diferentes niveis. Dende os cursos de Infantil ata o final de Primaria o achegamento ó teatro era unha realidade practicada nas aulas, e agora



tocáballe a quenda á recén estreada etapa da ESO. Así foi como cada ano os nosos alumnos amosáronnos, co seu crecente entusiasmo, ata que punto o esforzo por parte da Comunidade Educativa paga a pena; e sempre se vén estreando cara ás festividades do curso, unha obra que eles teñen preparado.

Se o curso pasado os nosos alumnos participaron na I Mostra de Teatro en Vigo; os do curso 2003-04 emprenderon viaxe, pois achegáronse nada menos que á capital leonesa para deixar pegada do seu talento interpretativo e participar na Mostra de Artes Teatrais dos colexios salesianos de toda España, organizada por COR'S, asociación que ten por obxecto a promoción das Artes (musicais, escénicas e plásticas) entre a nosa mocidade.

Se anteriormente a experiencia fora realizada dende as clases de Plástica e Tecnoloxía, pola nosa profesora Marián López, así como de Lingua e Literatura Castelás, por unha servidora; no pasado máis inmediato foino dende a actividade extraescolar que sabiamente dirixiron a nosa orientadora, Silvia Caride, e o noso profesor de Lingua e Literatura galegas, Héitor Mera.


Se no 2002-03 foron os alumnos do derradeiro curso da ESO os que nos emocionaron cos valores éticos e estéticos do clásico de *A Bela e a Besta*, versionado con gran mestría por eles mesmos; no



presente curso a participación foi representativa de todo o colexio, por canto os alumnos que fixeron aplaudir con verdadeira efusividade a posta en escea de *Os Soños de Cloti* pertencían ós máis variados cursos, amosando así que o teatro escolar non é un xénero minoritario se sabemos facerlle chegar ós nosos alumnos.

Non podo pechar estas liñas sen unhas palabras de agradecemento á entrega e ó saber facer de Ángel J. Fernández Prado, salesiano que xestionou a organización e promoción da I Mostra de Teatro Non Profesional de Vigo, dende o colexio Fogar Caixanova; palabras que quero facer extensivas a todo o equipo de COR'S, dirixido e coordinado por M^a Carmen Sendino, salesiana coa que tiven o gozo de traballar cando este colexio se atopaba aínda en pleno crecemento. Un saúdo moi agarimoso para eles e tódolos demais que fixestes posible que nos sintamos un pouquiño mellores.





Por Corona Nieto e
Silvia Caride

A PASTORAL E A ORIENTACIÓN

O presente curso académico 2003/04 constituíronse os departamentos de Pastoral e Orientación no centro educativo San Xoán Bosco.

O departamento de Pastoral é o encargado de propoñer actividades educativas dende o Proxecto Educativo do Centro para logra-lo desenvolvemento integral da persoa dende unha visión cristiá da vida.

O departamento de orientación encárgase de asesorar e colaborar cos membros da comunidade educativa de forma que o proceso educativo resulte o máis integral e eficaz posible (elaborando os materiais didácticos e pedagóxicos oportunos para a consecución do proceso).

Estes departamentos andan na procura dun obxectivo común: traballar de xeito paralelo incidindo na actividade docente dende as Áreas curriculares e os Bos Días.


Para garanti-la coordinación entre ámbolos dous departamentos elaboramos unha programación que abrangue todo o ano escolar baixo o lema: **“Con esforzo e responsabilidade acadámo-la nosa satisfacción persoal elevada á máxima potencia”**. A devandita programación divídese en trimestres de maneira que, en cada un deles, se traballan uns valores determinados. Unha vez elaborada, propúxoselles ó Claustro para que cada titor/a achegase a súa opinión. Máis tarde confeccionáronse as actividades programadas e repartíronselle ó profesorado do centro co fin de que empregara aquelas que considerara oportuno.



a CURUXA



FRUTAS Y LEGUMBRES



JUAN ANTONIO MUIÑOS GARCÍA

C/. Salvatierra, 17 - 36209 VIGO

Teléfono 986 236 456



Benito Abalo, S L

AUTOCARES

Avda. Doña Urraca, 22

Telfs.: 986 540 101 - 986 540 039

Fax: 986 540 039

36650 CALDAS DE REYES (Pontevedra)



SERVICIO A DOMICILIO



Gran Vía, 156 - 36203 VIGO

Telf. 986 472 936 - Fax 986 480 056



Equipado para:
Cine, Teatro, Festivales,
Conciertos, Conferencias,...

más información:

[www. cinesalesianos.com](http://www.cinesalesianos.com)

Garden Galicia

cabañas de madera, pérgolas, barbacoas, mesas, sillas,
columnpios, complementos de jardín



Avda. Ricardo Mella, 159

36330 - Corujo - Vigo

Tel./Fax: 986 462 081

E-mail: info@gardengalicia.com



OXFORD
UNIVERSITY PRESS

DICCIONARIO

**OXFORD
POCKET**




ESPAÑOL-INGLÉS / INGLÉS-ESPAÑOL

NIVEL PRINCIPANTE

Contiene más de 60.000 términos, expresiones y ejemplos, e incluye notas de uso, hojas de estudio y un Mini CD-ROM con miles de entradas y su pronunciación.

DICCIONARIO

OXFORD Study



ESPAÑOL-INGLÉS / INGLÉS-ESPAÑOL

NIVEL INTERMEDIO

Con más de 100.000 palabras y locuciones, el Diccionario Oxford Study es un recurso único. Incluye CD-ROM interactivo con la pronunciación de todas las entradas, videos, imágenes, juegos de palabras y ejercicios.

OXFORD
UNIVERSITY PRESS

Para cualquier información contacte con nosotros en:

Tel. 981 12 22 99/12 17 99 e-mail: accoruna@oup.es

Fax: 981 12 17 03 www.oup.com/es

Ferretería **COYA** S/L

FERRETERIA

ELECTRODOMESTICOS

ESPECIALISTAS EN BRICOLAGE

Avda. de Castelao, 51

Tel.: 986 209 162 - Fax 986 200 579

36209 COYA - VIGO

a **CURUXA**



**Se quieres
colaborar no
próximo número
da Curuxa,
aquí tes un espacio
para a túa publicidade**

Chámame ó colexio


986 231 149

as nosas fotos











119 Tenéis que hacer las paces

Autor **Jacques Vriens**
Ilustrador **Luis Filella**

Recomendado en 1.^{er} ciclo de EP / 56 págs.

Los conflictos familiares son los protagonistas de esta historia. Lejos de tener un ambiente relajado en Navidad, la familia de Nino pasa por momentos de gran tensión, debido a la añoranza por el padre que murió, a la rebeldía de su hermano adolescente y a la sensación de intranquilidad que genera la “amenaza” de un pretendiente de la madre.

Fomenta los valores de la convivencia y la tolerancia dentro de la familia.

erdetucánvero



163 La Gallina de la Paz

Autora **Gloria Sánchez**
Ilustrador **Manuel Uhía**

Recomendado en 2.^o ciclo de EP / 160 págs.

Érase una vez una gallina muy espiritual que aspiraba a volar y a ser Gallina de la Paz, para poder llevar la paz a la humanidad. Su deseo la lleva a peregrinar por el Camino de Santiago, para conseguir realizar su petición al Apóstol, en un viaje iniciático donde mil peripecias irán poniendo a prueba su valor y su inocencia. Los santos del Pórtico de la Gloria de la catedral se acabarán apiadando de ella.

Trata de cómo la inocencia, la ternura y la voluntad superan la mala fe de algunos, y de cómo la bondad es recompensada.



edebé

